



## OTRAS ENTIDADES Y ANUNCIOS PARTICULARES

### EMPRESAS Y SOCIEDADES

#### SERVIZOS URBANOS MUNICIPAIS DE ARTEIXO S.A.

*Convocatoria pública para a contratación temporal dun técnico/a en xestión de recursos humanos para o desenvolvemento do proxecto "ARTEIXO/SUMAGUA\_2025" no marco do plan de recuperación, transformación e resiliencia*

**Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia - Financiado por la Unión Europea – NextGenerationEU**

#### **BASES DA CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DUN TÉCNICO/A EN XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO "ARTEIXO/SUMAGUA\_2025" NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA**

A presente convocatoria pública ten por obxecto regular a selección dun TÉCNICO/A EN XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS, para cubrir as necesidades de SUMARTE con respecto ao desenvolvemento do Proxecto financiado pola UE "ARTEIXO/SUMAGUA\_2025", da mellora da eficiencia do ciclo urbano da auga (PERTE da dixitalización do ciclo da auga) no marco da xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PERTE).

Dita contratación materializarase a través da formalización dun contrato laboral temporal de conformidade ao previsto na Disposición Adicional Quinta do Real Decreto-Lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, con duración estimada ata finais de xuño de 2026 ou o tempo que resulte ata o remate do prazo da financiación UE, para o desenvolvemento do Proxecto ARTEIXO/SUMAGUA\_2025, dentro do marco da subvención do PERTE da dixitalización do ciclo da auga, resultando retribuída a partir da retribución mínima do posto segundo o Convenio colectivo do sector, e coas seguintes funcións principais:

- Xestionar o Plan de gobernanza, participación e formación dos traballadores/as do proxecto Arteixo/Sumagua\_2025.
- Planificación, xestión integral e control das actividades dos recursos humanos (internos e externos) participantes no proxecto.
- Asesorar ao equipo en materia de igualdade de xénero e incorporación do enfoque de perspectiva de xénero no ciclo integral do proxecto.
- Coordinar a contratación e desempeño do persoal técnico e de apoio vinculado ao proxecto PERTE de dixitalización do ciclo da auga.
- Xestionar a información e, no seu caso, os expedientes laborais do persoal implicado no proxecto.
- Xestionar, coordinar e asegurarse da implantación de medidas que promovan a igualdade de xénero na empresa, e no desenvolvemento do proxecto Arteixo/Sumagua\_2025.
- Apoiar na preparación da documentación de xustificación económica relacionada coas retribucións.
- Controlar os custos de persoal e asegurar a súa coherencia co orzamento subvencionada.
- Supervisar os partes de traballo, horarios e dedicación efectiva ao proxecto.
- Asesorar ao equipo directivo en materia de normativa laboral aplicable ao proxecto.
- Garantir que os procesos de selección cumpran os criterios de igualdade, mérito e capacidade.

#### **1. REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES**

Para participar no proceso selectivo, as persoas aspirantes deberán reunir, antes de que finalice o prazo de presentación de solicitudes e manter até o momento da formalización do contrato, os seguintes requisitos:

- Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto do Empregado Público e art. 52 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia.

- Ter cumpridos dezoito anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

- Non ter sido despedido/a mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou entidades que forman parte do sector público, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de

empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder á mesma categoría profesional á que se pertencía. No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.

- Titulación: estar en posesión do título de Diplomado/a en Relacións Laborais ou equivalente. No caso de que algunha persoa candidata pretenda facer valer calquera outra titulación como equivalente ás especificamente identificadas, haberá de achegar certificado de equivalencia emitido pola autoridade competente en materia educativa.

- Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas correspondentes ao posto.

## 2. SOLICITUDE

A Convocatoria e as súas Bases serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia da Coruña. Quen desexen tomar parte no proceso selectivo haberán de cursar a súa solicitude conforme ao modelo do ANEXO I, dispendo dun prazo de 7 días naturais a contar desde o seguinte ao da publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña da convocatoria.

As solicitudes, segundo modelo recolleito no ANEXO I das presentes bases, poderanse presentar na sede electrónica de SUMARTE (<https://sede.sumarte.gal/opencms/gl/>), mediante correo certificado remitido a SUMARTE (Praza do Alcalde Ramón Dopico Nº 1, C.P. 15142, Arteixo) ou enviando a documentación ao correo electrónico [sumarte@sumarte.gal](mailto:sumarte@sumarte.gal).

Á solicitude, achegárase fotocopia do D.N.I., da titulación académica esixida e dos méritos alegados (ANEXO II).

A información relativa ao proceso selectivo (bases, listas, datas, fases e prazos) será publicada na sede electrónica de SUMARTE (<https://sede.sumarte.gal/opencms/gl/>).

Esgotado o prazo de presentación de solicitudes, procederase á publicación da lista provisional de persoas admitidas e excluídas, abríndose un prazo de 2 días naturais para a subsanación dos defectos que motivasen a exclusión ou omisión das listas de persoas admitidas e excluídas.

Caso de non presentarse alegacións e, unha vez resoltas as mesmas, aprobarase e publicará a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas. No caso de que todas as persoas aspirantes sexan admitidas, poderase entender a lista como definitiva, obviando o trámite previo de aprobación provisional.

A lista definitiva incluírá a designación de membros da Comisión de Selección.

## 3. PROCESO DE SELECCIÓN

O proceso selectivo consistirá nun concurso de méritos no que se valorarán, até un máximo de 100 puntos; valorando os méritos que se detallan a continuación (ata 75 puntos), que haberán de estar relacionados coas funcións e tarefas a desempeñar no posto de traballo convocado e que deberán posuírse á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes; e ademais a entrevista persoal (ata 25 puntos):

Méritos profesionais: Ata un máximo de **45 puntos**.

- 1) Experiencia na participación de proxectos PERTE, e outros financiados (*máximo 10 puntos*):
  - a) Proxectos PERTE do ciclo urbano da Auga:  
Cada 3 meses: 6 puntos.  
Resto, cada mes: 1,5 puntos.
  - b) Outros Proxectos PERTE:  
Cada 3 meses: 2 puntos.  
Resto, cada mes: 0,5 puntos.
  - c) Outros proxectos financiados pola UE:  
Cada 3 meses: 1 punto.  
Resto, cada mes: 0,25 puntos.
  - d) Outros proxectos/programas con financiamento público (estatal ou autonómico):  
Cada 3 meses: 0,25 puntos.  
Resto, cada mes: 0,05 puntos.
- 2) Experiencia na elaboración de Plans transversais nos proxectos do PERTE (*máximo 15 puntos*).
  - a) Plans transversais nos proxectos PERTE de dixitalización do ciclo da auga: cada Plan 4 puntos.
  - b) Plans transversais noutros proxectos PERTE: cada Plan 2 puntos.

3) Experiencia na elaboración de proxectos-propostas a convocatorias PERTE ou financiadas UE (*máximo 5 puntos*):

- a) Proxecto-propostas de servizos/actividades de SUMARTE: 4 puntos cada un.
- b) Proxecto-proposta de outros servizos/actividades: 1 punto cada un.

4) Experiencia na elaboración de Plans de Igualdade (*máximo 10 puntos*):

- a) En administracións públicas, ou empresas de Servizos Públicos, ou equivalentes: 8 puntos por cada Plan.
- b) Noutras entidades privadas: 2 puntos por cada Plan.

5) Experiencia en traballos similares en Servizos Municipais de Augas, ou asimilados (*máximo 5 puntos*): cada mes, 1 punto.

*Forma de acreditación:* declaración responsable e informe/certificación expedida pola entidade correspondente. Cando a experiencia profesional derivase da realización dun traballo por conta propia, acreditarase, alén da declaración responsable, coa copia do contrato ou contratos de servizos que desen lugar á experiencia.

Méritos formativos: Ata un máximo de **25 puntos**.

1) Cursos de xestión de recursos humanos e/ou de persoal (ex. nóminas, contratos e seguridade social) (*máximo 10 puntos*):

- Ata 99 horas de duración: 3 puntos cada curso.
- Dende 100 ata 250 horas de duración: 5 puntos cada curso.
- Máis de 250 horas de duración: 10 puntos cada curso.

2) Cursos de Prevención de Riscos Laborais (*máximo 8 puntos*):

- Ata 49 horas de duración: 3 puntos cada curso.
- Dende 50 ata 99 horas de duración: 5 puntos cada curso.
- Dende 100 horas de duración: 8 puntos cada curso.

3) Cursos en subvencións ou fondos europeos (*máximo 5 puntos*):

- No marco do PERTE e/ou financiación da UE: 4 puntos cada curso.
- Outros marcos: 2 puntos cada curso.

4) Cursos de incorporación de perspectiva de xénero ou sustentabilidade en proxectos (*máximo 2 puntos*):

- De perspectiva de xénero en proxectos financiados: 1 punto cada curso.
- De sustentabilidade en proxectos financiados: 1 punto cada curso.

*Forma de acreditación:* fotocopia dos títulos ou certificados, incluíndo o título descritivo e/ou o programa e/ou descrición do contido dos mesmos; e no seu caso, a duración (horas) dos mesmos.

Coñecemento da lingua Galega: **5 puntos**.

*Forma de acreditación:* Fotocopia do título acreditativo de estar en posesión do Certificado en Lingua Galega – CELGA 4

**Para pasar á fase de entrevista persoal será necesario obter unha puntuación mínima de 50 puntos.**

Entrevista persoal: Ata un máximo de **25 puntos**.

Realizarase unha entrevista presencial de carácter técnico e competencial, que consistirá en primeiro lugar na realización dun cuestionario de carácter teórico con preguntas de contido profesional relacionadas co posto de traballo a desempeñar e en segundo lugar unha exposición oral ante a comisión de selección das respostas dadas no cuestionario.

Valorarase o grao de adecuación e capacitación profesional do candidato/a en relación aos méritos alegados e funcións asignadas á praza convocada, a previsión de adaptación do candidato/á a contorna profesional de SUMARTE, compromiso coa organización, xestión do cambio, motivación, nivel de iniciativa constatado, expresión oral, capacidade de traballo en equipo e proactividade.

A entrevista terá por obxecto concretar aspectos que determinen a idoneidade da persoa aspirante para o desempeño do posto obxecto da convocatoria.

Durante a entrevista, a comisión de selección poderá formular á persoa aspirante preguntas de contido profesional relacionadas co posto de traballo a desempeñar, así como de coñecementos específicos.

Na formulación destas preguntas atenderase estritamente ao principio de igualdade entre as persoas candidatas.

A non presentación dun/unha aspirante á entrevista, na data e hora estipulada, determinará automaticamente o decaemento do seu dereito para participar na mesma, quedando en consecuencia, excluído/a, do procedemento selectivo; salvo causa de forza maior e debidamente xustificada, e que, en aras de non paralizar o proceso selectivo, deberá poderse levar a cabo no prazo máximo de 3 días hábiles a contar desde o día seguinte á data da entrevista inicial.

A convocatoria de entrevistas será comunicada ás persoas candidatas cunha antelación mínima de 48 horas.

**Para superar esta proba, será necesario obter una puntuación mínima de 15 puntos.**

#### **4. COMISIÓN DE SELECCIÓN**

A Comisión de Selección estará integrada por cinco persoas, designadas polo Presidente do Consello de Administración de SUMARTE das cales unha será o/a presidente/a, tres actuarán como vogais e outra como secretario/a; todos eles con voz e voto.

A súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e tenderase, así mesmo, á paridade entre muller e home.

A Comisión de Selección poderá solicitar o auxilio de persoal técnico cualificado do Concello de Arteixo.

A pertenza á Comisión de Selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén.

Os vogais da Comisión de Selección deberán posuír titulación ou especialización de igual ou superior nivel de titulación á esixida para o ingreso nas prazas convocadas.

A Comisión de Selección poderá contar, para todas ou algunhas das probas, coa colaboración de asesores/as técnicos, con voz e sen voto, os cales deberán limitarse ao exercicio da súa especialidade técnica.

A Comisión de Selección poderá actuar válidamente coa asistencia do/a Presidente/a, un/unha vogal e o/a secretario/a. Corresponderalle dilucidar as cuestións expostas durante o desenvolvemento do proceso selectivo, interpretar as bases, velar polo bo desenvolvemento do mesmo, cualificar as probas establecidas e aplicar os baremos correspondentes.

Os membros da Comisión de Selección deberán absterse de intervir e as persoas aspirantes poderán promover a súa recusación nos casos previstos nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

#### **5. RELACIÓN E PROPOSTA DE SELECCIONADOS/AS**

A Comisión de Selección publicará na sede electrónica de SUMARTE (<https://sede.sumarte.gal/opencms/gl/>), a relación que conteña a valoración provisional de méritos profesionais e formativos, con indicación da puntuación obtida en cada un dos méritos e a puntuación total.

As persoas aspirantes disporán dun prazo de 3 días naturais para formular reclamacións, no seu caso.

As reclamacións poderanse presentar exclusivamente por medio de correo electrónico ([sumarte@sumarte.gal](mailto:sumarte@sumarte.gal))

De non presentarse reclamacións por parte dos/as participantes no prazo outorgado, a relación será definitiva. En caso de presentarse alegacións, unha vez resoltas pola Comisión de Selección, publicarase, nos mesmos medios, a lista definitiva da valoración de méritos alegados polas persoas candidatas.

Tras a realización da fase de entrevista, a Comisión de Selección publicará na sede electrónica de SUMARTE (<https://sede.sumarte.gal/opencms/gl/>), a relación que conteña a valoración provisional desta fase, con indicación da puntuación obtida.

As persoas aspirantes disporán dun prazo de 3 días naturais para formular reclamacións, no seu caso.

As reclamacións poderanse presentar exclusivamente por medio de correo electrónico ([sumarte@sumarte.gal](mailto:sumarte@sumarte.gal))

De non presentarse reclamacións por parte dos/as participantes no prazo outorgado, a relación será definitiva. En caso de presentarse alegacións, unha vez resoltas pola Comisión de Selección, publicarase, nos mesmos medios, a lista definitiva da valoración da fase de entrevista.

Finalizado devandito prazo, o Tribunal publicará a relación coa valoración definitiva do proceso.

No caso de que dous ou máis persoas aspirantes obtivesen a mesma puntuación total, o empate resolverase a favor da persoa aspirante que obtivese maior puntuación no apartado de entrevista e, en caso de persistir este, por sorteo.

#### **6. PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS E CONTRATACIÓN**

Ao efectuarse o chamamento, as persoas aspirantes propostas deberán presentar os seguintes documentos:

a. Declaración xurada de non ter sido despedido/a mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou entidades que forman parte do sector público, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial

para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder á mesma categoría profesional á que se pertencía. No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos nteriores.

- b. Declaración xurada de non exercer actividades incompatibles co posto de traballo a desempeñar.
- c. Documentación orixinal da achegada no procemento para cotexo.

Se dentro do prazo indicado, e salvo caso de forza maior, non presentase a documentación requirida non poderá ser admitida, procedendo a efectuarse comunicación á seguinte persoa por orde de puntuación obtida como cualificación final do proceso.

Unha vez notificada a data de incorporación, as persoas seleccionadas deberán estar en condicións de tomar posesión do seu posto no prazo máximo de cinco días naturais a contar desde o seguinte ao da notificación.

Durante o período de proba (establecido no contrato por prazo de 2 meses), a resolución do contrato poderá producirse a instancia de calquera das partes sen necesidade de alegar causa xustificativa nin respectar prazos de preaviso, e en ningún caso dará dereito a recibir indemnización compensatoria algunha.

As persoas aspirantes seleccionadas serán contratadas mediante un contrato laboral temporal ao amparo da Disposición Adicional Quinta do Real Decreto-Lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo. En ningún caso, a prestación de servizos que leve a cabo como consecuencia do contrato que se celebre ao amparo desta convocatoria, dará lugar a que o mesmo teñan unha duración indefinida, nin implica compromiso algún en canto á posterior incorporación do seleccionado/a a SUMARTE. A duración previsible do contrato será de **14 meses**. Ou ata que finalice o proxecto. En todo caso, o contrato estará vinculado expresamente ao proxecto que o sustenta e extinguirase co mesmo en caso de finalización anterior á estimada. O contrato suscrito non poderase utilizar para a realización doutro proxecto distinto ao reflectido na convocatoria. Ademais de por as causas legalmente establecidas, o contrato poderá resolverse, igualmente, pola finalización anticipada do proxecto ou a falta de financiamento do mesmo.

## 7. DATOS PERSOAIS

De conformidade co establecido en Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, establécese que os datos persoais facilitados polos aspirantes e os que se xeren durante a súa participación no proceso selectivo serán almacenados nun ficheiro informatizado titularidade de SUMARTE coa finalidade exclusiva, no seu caso, da conformación de Bolsa de Contratación. A participación no proceso selectivo é voluntaria polo que a remisión dos datos persoais supón o consentimento expreso para o tratamento dos mesmos coa finalidade indicada, sen prexuízo de que poida revogarse o consentimento prestado, así como exercitar os dereitos de acceso, rectificación e cancelación mediante escrito dirixido a ([sumarte@sumarte.gal](mailto:sumarte@sumarte.gal)).

En Arteixo, a 9 de abril de 2025

O Presidente do Consello de Administración de SUMARTE

D. José Carlos Calvelo Martínez

**ANEXO I****MODELO DE SOLICITUDE PARA TOMAR PARTE EN PROCESOS DE SELECCIÓN DE PERSOAL****CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DUN TÉCNICO/A EN XESTIÓN DE RECURSOS HUMANOS PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO ARTEIXO/SUMAGUA\_2025 NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACION Y RESILIENCIA**

D./Dna. \_\_\_\_\_

DNI/NIE \_\_\_\_\_

Correo Electrónico (obligatorio) \_\_\_\_\_

Teléfono fixo/Móbil (obligatorio) \_\_\_\_\_

Domicilio \_\_\_\_\_

**SOLICITA** ser admitido/a na convocatoria e poder realizar as probas correspondentes, aceptando as bases da presente convocatoria, e para elo achega a documentación requerida nas mesmas.

 DNI Titulación Méritos alegados

**SOLICITA** as adaptacións e axustes razoables necesarios de tempo permitidos pola lexislación vixente para persoas con discapacidade, para elo achega copia compulsada do documento que lle acredite ter recoñecida a condición legal de persoa con discapacidade.

**E DECLARA:** Que as fotocopias entregadas son fiel copia dos orixinais, tendo coñecemento de que se lle solicitarán os documentos orixinais para cotexo antes da contratación, sendo causa de exclusión o non presentalos ou a falta de veracidade nos datos consignados e nos méritos alegados.

**CONSETEMENTO PARA TRATAMENTO DE DATOS PERSOAIS:**

**ACEPTA:** Que estes datos sexan incorporados ás correspondentes actividades de tratamento de SUMARTE, e que sexan tratados coa finalidade específica do tratamento (procesos selectivos e provisión de prazas) incluída a publicidade dos que sexan necesarios con arreglo ao disposto nas bases da convocatoria, de conformidade coa regulación legalmente aplicable.

En Arteixo, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2025

Asdo.: D./Dna. \_\_\_\_\_

(é imprescindible a sinatura)

## ANEXO II

## MÉRITOS QUE SE ALEGAN E XUSTIFICAN PARA A SÚA VALORACIÓN

## 1.- Méritos profesionais:

Tipo de experiencia	específica	meses/núm.
na participación en proxectos PERTE, e outros con financiamento UE ou público	proxectos PERTE do ciclo urbano da Auga	meses
	outros Proxectos PERTE	meses
	outros proxectos financiados pola UE	meses
	outros proxectos con financiamento público	meses
na elaboración de Plans transversais nos proxectos do PERTE	PERTE de dixitalización do ciclo da auga	plans
	outros Plans nos proxectos PERTE	plans
na elaboración de propostas a convocatorias PERTE ou financiadas UE		prop.
na elaboración de Plans de Igualdade	En administracións públicas, ou empresas de Servizos Públicos, ou equivalentes	plans
	Noutras entidades privadas	plans
en traballos similares en Servizos Municipais de Augas, ou asimilados		meses

## 2.- Méritos formativos:

Tipo de curso	horas	núm.
de xestión de recursos humanos e/ou de xestión do persoal	ata 99	
	100 - 250	
	máis 250	
de prevención de riscos laborais	ata 49	
	50 - 99	
	máis 100	
en subvencións ou fondos europeos	no marco do PERTE e/ou financiación UE	n/a
	Outros marcos	n/a
de incorporación perspectivas proxectos	da perspectiva do xénero	n/a
	da sustentabilidade	n/a

## 3.- Coñecemento do idioma Galego:

- Certificado en Lingua Galega – CELGA 4

**ACEPTA:** Que estes datos sexan incorporados ás correspondentes actividades de tratamento de SUMARTE, e que sexan tratados coa finalidade específica do tratamento (procesos selectivos e provisión de prazas) incluída a publicidade dos que sexan necesarios con arreglo ao disposto nas bases da convocatoria, de conformidade coa regulación legalmente aplicable.

En Arteixo, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2025

Asdo.: D./Dna. \_\_\_\_\_

(é imprescindible a sinatura)

2025/2307